



Concello da Coruña
Área de Seguridade Cidadá – Policía Local



“Charlas de sensibilización”

Actividades para ESO,BAC,FP

Os grupos de idade que abranguen estas dúas etapas educativas, secundaria e formación profesional, comprenden aqueles considerados polas estatísticas como **“grupos de risco”**. Tendo en conta os aspectos psicolóxicos e características desta idade: etapa de autoafirmación, inestabilidade emocional, exhibicionismo, pouca experiencia na condución de ciclomotores, gran capacidade para asumir riscos sobre todo condicionados por estímulos externos como o grupo de amigos... a nosa intervención vai dirixida a concienciarlos na evitación destas condutas de risco. Por iso, centrámonos principalmente na transmisión de valores de prudencia, protección e convivencia dende o respecto á normativa e aos demais.

Consideramos prioritario na nosa formación, ensinalos a reflexionar sobre as consecuencias de condutas imprudentes coa finalidade de sensibilizalos sobre a realidade que supoñen os accidentes de tráfico e, deste xeito, que heguen a asumir compromisos de comportamentos viais axeitados.

O noso discurso nestas idades está na liña de relacionar a conduta cívica e a conduta viaria. Tal e como o aseveran estudos psicolóxicos. É dicir, quen ten unha conduta cívica en todos os ámbitos da convivencia: no barrio, cos veciños, á hora de respectar as ordenanzas de limpeza, de horarios,...estos estudos refutan que a debandita conduta correlaciona coa conduta vial, e polo tanto, isto tradúcese nunha redución significativa da sinistralidade neste grupo de poboación. Deste xeito, nas nosas clases de educación vial tratamos tamén temas como o botellón e a transcendencia que determinadas condutas como os estragos no mobiliario público e privado ten con respecto ao resto da poboación.

INSTITUTOS E FORMACIÓN PROFESIONAL

Actividade para alumnado de

E.S.O. Bacharelato e Formación Profesional



Concello da Coruña
Área de Seguridade Cidadá – Policía Local



OBXECTIVOS:

- Asumir a responsabilidade das condutas negligentes no tráfico e as súas consecuencias.
- Traballar a asertividade para aprender a decir NON na presión do grupo
- Percibir o risco que entraña a condución dun vehículo: bicicleta, ciclomotor, turismo...
- Valorar a importancia da vida propia e a dos demais.
- Achegarse ao traballo policial co tráfico na mellora da seguridade viaria.

ACTIVIDADES:

- Exposición e debate sobre sentenzas xudiciais por delitos contra a seguridade do tráfico.
- Visualización dun power point de elaboración propia no que se relaciona a conduta cívica coa conduta vial.
- Xogo de asertividade: aprender a decir NON de forma asertiva.
- Charla dunha vítima de accidente de tráfico. (En función da súa disponibilidad)

TEMPO DE DURACIÓN DAS ACTIVIDADES:

- 1 hora.

RECURSOS:

- Ordenador con proxector e reprodutor de vídeo.